

INSCRIPCIÓN NA ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL “AS DA INDUSTRIA”

Nome _____ Apelidos _____

DNI _____ Teléfono _____ Correo electrónico _____

Enderezo _____

Menores de 14 anos autorizados a formar parte da Comisión infantil:

1.Nome _____ Ano nacemento _____

2.Nome _____ Ano nacemento _____

3.Nome _____ Ano nacemento _____

Desexa ser incluído na lista de distribución de correo para recibir convocatorias de actividades e información da asociación? De non ser incluído só recibirá as convocatorias de asembleas:

Si, quero recibir periodicamente información da asociación (uns 2-5 emails por mes)

Non, recibir soamente a convocatoria das asembleas (uns 2-4 emails ao ano)

En Vigo a, _____ de _____ de _____

Asdo.

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na lei 15/1999 e no Real Decreto 1720/2007 de Protección de Datos de Carácter Persoal, podendo ser incorporados ós ficheiros da Asociación Sociocultural “As da Industria”, relacionados con este trámite. En todo caso poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición nos termos establecidos na lei, dirixíndose ó enderezo electrónico info@asdaindustria.gal



Nome _____ Apelidos _____ D.N.I _____

Ingreso na conta corrente da Asociación Sociocultural “As da Industria”, a cantidade de 12 euros, indicando en concepto: Cota-nome do/a socio/a.

Caixabank ES25 2100 5911 1502 0014 3284

En Vigo a, _____ de _____ de _____

Asdo.

Unha vez realizado o ingreso, entregar o xustificante de pago a Asociación Sociocultural “As da Industria”, persoalmente ou a través do correo electrónico info@asdaindustria.gal



Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación exercerá a súa actividade no barrio en torno á praza da Industria de Vigo.

Artigo 6. Fins

Son fins principais da asociación:

- a) A promoción e divulgación da Cultura Galega en calquera das súas expresións.
- b) A revitalización do barrio a través do encontro das súas xentes nos espazos públicos.
- c) O estudo, divulgación e protección do patrimonio material e inmaterial do barrio.

Artigo 7. Actividades

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a) Concertos, festas, proxeccións, representacións e calquera outra actividade de expresión artística
- b) Charlas, obradoiros, roteiros, exposicións, mostras e outras actividades de difusión cultural e de promoción do coñecemento en xeral, e do relativo á historia e presente do noso barrio en particular
- c) Magostos, Maíos, San Xoán, festas populares de distinto tipo
- d) Xogos, contacontos, actividades de lecer en galego
- e) Calquera outra actividade necesaria para acadar os fins da entidade

Artigo 8. Ideario

Toda a actividade e comunicación da asociación realizarase en coherencia co seguinte ideario:

- A actividade da asociación será respectuosa co medio ambiente, procurando sempre o menor consumo de recursos e produción de residuos posible.
- Buscarase de forma activa a plena inclusión e participación de tódalas persoas, independentemente da súa idade, situación de discapacidade ou condición social.
- A asociación declárase e preséntase como feminista, e actuará como tal. Acreditamos que no contexto da sociedade patriarcal na que convivimos, é unha obriga moral posicionarse de forma explícita a prol da igualdade de xénero.

Promovemos o papel protagonista da veciñanza na organización dos nosos actos. As da Industria é unha asociación apartidaria e independente. Evitarase a participación pública nos nosos actos de cargos públicos ou persoas que falen en representación de partidos políticos. Calquera veciña ou veciño é benvido nas nosas actividades, participando a título individual.

Podes consultar os estatutos completos en www.asdaindustria.gal